

PLAN PROXECTA: XERMOLIÑO e ALIMENTATE BEN

Durante o curso escolar 2016/2017 o CEIP de Quiroga participou no plan proxecta “Xermoliño” que ten como finalidade que os centros participantes elaboren unha serie de actividades encamiñadas á promoción de hábitos de vida saudables.

Desde a área de Educación Física contribuíuse ao desenvolvemento deste proxecto a través da posta en marcha dunha serie de actividades enfocadas a potenciar a relación existente entre a práctica de exercicio físico e a saúde, co fin de que o alumnado fose consciente dos beneficios que a práctica de actividade física supón sobre a mellora da saúde e da calidade de vida.

Neste sentido, os alumnos realizaron actividades deportivas como o fútbol gaélico, rugby, floorball, datchball, bádminton ou xogos populares e tradicionais, que ademais de desenvolver os propios obxectivos da área de Educación Física permiten ao alumno ter unha bagaxe á hora de desfrutar do seu tempo de lecer.

Ademais de contribuír ao desenvolvemento co proxecto Xermoliño e dos obxectivos do mesmo, estas actividades permitiron tamén o traballo dos diferentes elementos do currículo establecidos no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo oficial da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

En primeiro lugar, debido o carácter eminentemente competencial da educación de hoxe en día, é preciso salientar as competencias clave, dentro das sete incluídas na LOMCE estas actividades promoven as seguintes:

- **Competencias Sociais e Cívicas (CSS)**: tanto debido a inherente das nenas e nenos de relacionarse cos demais compañeiras e compañeiros, coma no tocante ao respecto das normas de cada xogo e deporte, o respecto polas compañeiras e compañeiros e a aceptación da vitoria e a derrota.
- **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)**: no tocante a parte matemática, posto que en cada liga eran necesarios cálculos matemáticos básicos para levar a cabo as puntuacións e clasificacións de cada equipo, que facía o propio alumnado de cada nivel na súa plantilla de calendario e clasificación (repartida unha por nivel) e que ao final se comprobaba coa plantilla do docente (situada no taboleiro da entrada ao centro).
- **Competencia en Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)**: debido a que a propia práctica deportiva inculca nos deportistas valores como o afán de superación, a constancia a autonomía e o emprendemento e durante estas actividades se viron potenciados.

Xunto con estas competencias tamén se viu favorecida a adquisición de determinados obxectivos curriculares, por unha banda obxectivos de etapa establecidos no currículo oficial:

b) *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.*

k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*

E, por outra, obxectivos máis específicos da Educación Física, como son:

- Mellorar o nivel das súas capacidades físicas relacionándoas coa mellora da saúde e a calidade de vida.
- Recoñecer os efectos beneficiosos do exercicio físico sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.
- Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas.
- Participar de forma activa, con interese e iniciativa nos diferentes xogos e propostos.
- Fomentar o traballo en equipo para a consecución de obxectivos comúns a través dos deportes colectivos.
- Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e dos deportes actuando de forma cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas nos xogos e deportes.
- Coñecer, aceptar e respectar as regras establecidas en cada xogo e deporte.
- Aceptar as posibles situacións conflitivas xurdidas durante a práctica deportiva e dar resposta de xeito cívico e respectuoso.











